



O NADAL



XXVI

**certame
de
xornalismo**

**certame
de
poesía**



XXVI CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:



DEBUXO LOGOTIPO:
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»
DEP. LEGAL LU 300 – 2002

XXVI CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina:



O B R A S O C I A L


*A publicación dos traballos premiados é posible
pola colaboración da Dirección Xeral de Política
Lingüística, da Consellería de Educación e Orde-
nación Universitaria, da Xunta de Galicia.*

Hai 30 anos (¡Canto tempo!) que José Domínguez Guizán, meu irmán, matinou que en Begonte podía facerse unha moi especial celebración do Nadal, e naceu o Belén Electrónico, hoxe de sona en toda Galicia e fóra dela.

Todo ilusión e esforzo, aquel modesto Belén moi axiña se viu rodeado de outras actividades que foron conseguindo para Begonte o título de Capital do Nadal en Galicia, e o sobrenome de “Begonte do Belén”.

Trinta anos despois, a chegada dun novo Nadal móveme a considerar que a velocidade do tempo propiciou en Begonte que o feito do Nadal, a súa lembranza e vixencia, fose como unha xa coñecida badalada que –cada ano– peta nas nosas memorias e nas nosas conciencias, dicíndonos que de novo é tempo de celebra-lo nacemento do Señor. Que de novo imos vivir un tempo especial (aínda que todo o ano deba ser Nadal), de pedir para nós e para todos esa paz tan difícil e tan necesaria, esa paz que no Nadal parece máis posible e cercana.

Desde Begonte, ano trinta desde o nacemento do Belén, chamamos de novo a celebra-lo Nadal. Abrímo-las nosas portas, e invitamos a vir a tódolos homes, mulleres e nenos, a celebrar xuntos a nosa gran festa da caridade, da esperanza e da fe.



Xesús Domínguez Guizán
Presidente do Centro Cultural de Begonte

ARREDOR DO NADAL



POESÍA

XXVI CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, entidade promotora do Belén Electrónico co patrocinio de Caixa Galicia, co gallo do Nadal 2001 convoca o XXVI Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal.

1.—Poden concorrir tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.

2.—O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.

3.—Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.

4.—É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.

5.—Hanse concede-los seguintes premios:

PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 Euros e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 Euros e estatuíña de Sargadelos.

6.—A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, denantes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil dous.

7.—Tódolos traballos han ser presentados baixo plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), nadal de 2001

BASES

FALLO DO XURADO DO XXVI CERTAME DE
POESÍA “BEGONTE E O NADAL”



FALLO
DO
XURADO

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXVI CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”, formado por:

D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO

D. FRANCISCO MARTÍN IGLESIAS (*Paco Martín*)

D. RAMÓN SOILÁN PENAS (*En representación da entidade patrocinadora*)

D. XULIO XIZ RAMIL (*En representación da entidade convocante, que actúa como secretario*), acordou conceder os dous premios instituídos:

– PRIMEIRO PREMIO, dotado con 600 Euros e estatuíña de Sargadelos, ó poema LEMBRANZA (*en memoria de Fiz Vergara Vilariño*), do que resultou ser autor LUIS CELEIRO ÁLVAREZ, lucense residente en Santiago de Compostela.

– SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 Euros, e estatuíña de Sargadelos, ó poema TRINTA ANOS DE BELÉN, de MARÍA GORETTI FARIÑA CAAMAÑO, de Vilagarcía de Arousa.

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil



LUIS CELEIRO ÁLVAREZ

Luis Celeiro é Doutor en Socioloxía e Ciencia Política e Licenciado en Ciencias da Información.

É Director do Gabinete de Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, e profesor asociado na Facultade de Ciencias de Información desta Universidade.

Comezou o seu labor como xornalista en A Nosa Terra, para logo dirixir o semanario “Tempo Galego”, e colaborar en diversos medios, entreles: La Voz de Galicia, El Progreso, e El Correo Gallego.

Desde 1977 dirixe a publicación xornalística da Universidade de Compostela e, desde 1999, o diario dixital, primeiro diario electrónico das Universidades do Estado Español.

LEMBRANZA

EN MEMORIA

*¿Por que non mandas cortar
tanta guerra, tanto sangue
se ós humildes nos abrangue
a vontade de soñar?*

*Fiz Vergara Vilarinho
“Cantiga de Nadal”*

I

Cravado na mancada intimidade,
cantábaslle a un Belén rexo e labrego
e soñabas gaivotas co apego
da vida pola inútil crueldade.

Muiñeiro á deriva con vontade
de descubrir e non volver ó rego,
fuches antes que nada bo galego,
artesán de bremanzas sen idade.

E cantábaslle a un berce luminoso
cando a morte inzaba a súa gadoupa
en ti de tan inxel tan namorado.
¡Que cravo fondo aquel en carne e óso
e que silencio frío nos estoupa
desque o Fiz se fixo aínda máis noso!

II

Amor desesperado, terra brava,
ferro candente, íntimo espanto,
singular tremecer e desencanto
nas louzariñas verbas que envorcabas.

A ese Deus a penas preguntabas;
primeiro era o amor contra o espanto,
a tenrura de costas ó quebranto
que bretemosas mágoas descravaba.

No portal, disconforme, invocabas
a imposible luzada doutro abrente
na deriva dun soño muiñeiro.
E xunto do Belén ben que pensabas
que se é dura a arte de ser xente,
¡canto máis o oficio de cordeiro!

III

Haiche intifada, Fiz, onde querías
pastoras de sorrisos cara á vida;
falcóns e tiburóns feitos ferida
axexan pola dor que ben sabías.

No berce as palabras labradías
cederon á bremanza adoecida,
a mesma zafanada destemida
que mancou a congostra dos teus días.

E faltas, Fiz, igual que abonda o fume
agromado nos eidos das espiñas;
e precisa o Cortello doutro estrume
e reclama o Nadal as túas liñas
namoradas nun peito sen negrume
da Lóuzara Xabreira de onde viñas.

IV

Chamabas ó amor desde o soneto
que encetaran Petrarca e Garcilaso,
e cantabas porque viña ó caso
a un mártir máis ca un neno, moi de preto.

Sentías derrubado o esqueleto
eivado sen un chíó paso a paso;
seguro que triunfache no fracaso
igual que este meniño tan concreto.

A ti agarimoute unha cadela
belida, lambedora, louzarella
que, sen fel,
conmoveu a túa raíz.
E ó neno, con restrebas por casula,
é sabido que un boi e unha mula
lle deron garda, benquerido Fiz.

*En memoria de Fiz Vergara Vilariño, o
labrador dalgúns dos mellores sonetos na
nosa lingua, que acadou en varias ocasións
premios deste Certame e que agora,
enseguida, cumpriría medio século de vida.*



M^a GORETTI FARIÑA CAAMAÑO

Baión, Vilanova, 1964. Reside en Vigo. Licenciada en Bioloxía, é profesora de Medio Ambiente.

Leva obtido diversos premios literarios como o da Rota Xacobeá do Mar de Arousa, de poesía (1996), o do Concello de Vilalba, de narrativa (1996), ou os dos Concellos de Marín e Mos, tamén en poesía, (1997).

Con "Trinta anos de Belén", obtén por terceira vez un premio de Poesía en Begonte.

TRINTA ANOS DE BELÉN

Foi a man artesá na sinxeleza,
a mecánica roza da enerxía,
a arte diminuta, a teimosía
quen te soñou paisaxe peza a peza.

Quizais a tradición feita afouteza,
a arquitectura, mesmo a enxeñeiría
quixeronte Belén coa harmonía
de conta-las escalas da beleza.

Mais sonche trinta os Nadais, Begonte,
dabondo pra compó-lo santo e seña
de ti mesmo daquí ata o que veña
con moitos máis de trinta no horizonte.

Quizais os trinta sonvos cousa de onte,
mais son un mundo pra quen mal se empeña
e non existe ovella que os teña
¡trinta invernías, a quen se lle conte!

Trinta anos á fin e ben mereces
na trixésima mostra unha homenaxe
polas trinta tempadas na paraxe
de trescentos mil ollos trinta veces.

Trinta inxenios que abraian e aínda creces,
trinta anos, Begonte, ¡que montaxe!,
que anada de lecer contra a friaxe
con trinta mil traballos nos ofreces.

Trinta veces mostra-la Trínidade
completada e trixésimos labores
e trinta delicados esplendores
con mecánica e fiel complexidade.

Trinta Beléns, verán que é boa idade
pra olla-lo remenxer destes actores
e aínda que non se vexan de pastores,
¡contemplan como bulen de verdade!

Por trinta orografías, trinta oficios
coas trinta lideiras das figuras,
trinta anos de xeitos e feitura
logradas en trescentos exercicios.

Seis lustros de lidar sen estronicios
cando a lideira enche e ten farturas,
e tres mil panxoliñas ben seguras
con eses dez trienios de servicios.

Trinta anos, Begonte, canta xente,
que teima, que tarefa, que presenza,
foi boa a ousadía, a ocorrencia
para, en trinta Nadais, seguir presente.

Trinta quendas de ti é boa enchente
se calculamos iso da nacencia,
cando o censo decrece coa ausencia
e a procura dun berce decrecente.

Trinta anos, Begonte, longa vida
que o esforzo xa está consolidado
na mellor realidade, bacelado
como o mofo na pedra verdecida.

Trinta anos de andar lida que lida
e outros tantos de afán ben aquelado;
trinta mil parabéns, ¡hai moito andado
e moita máis andaina garantida!

sanal para le...
ousas da vida,
universais, cheo de a...
dos dos nosos devance...
n habilidade, inxenio e
a...
arredor é tamén un
ropicio para que a
da á ledicia arte...
iva medre e
amiños e
mas
sua a
lúa, a
parpadexa...
ata o amencer du...
no que se aviva a ch...
vida e do traballo cotián.
Nunha xuntanza do gre...
os protagonistas do gre...
ecimento: Os Rei...
plano: Neno Deus,
arón e S. Xosé, e
rfa e camellos re...
nde viaxe.
ñas, un
arm

PRENSA

XXVI CERTAME DE XORNALISMO
“BEGONTE E O NADAL”

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co fin de potenciarlo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

XXVI CERTAME XORNALÍSTICO
“BEGONTE E O NADAL”

de acordo coas seguintes BASES:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 600 Euros e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.– 300 Euros e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de 2002, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constalos datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 2001

BASES

FALLO DO XURADO DO XXVI CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXVI CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, formado por D. ANTONIO CALVO VARELA (Delegado provincial de Cultura), presidente; D^a BLANCA PACÍN SOMOZA; D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO; D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN e D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, do Centro cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emitilo seguinte fallo:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 600 Euros e estatuíña de Sargadelos. Concédese a XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO, polo seu artigo “UN NENIÑO CON SORRISO HUMANIZANTE” publicado no xornal *El Progreso*.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 Euros e estatuíña de Sargadelos, concédese a FUCO DE CAMBRIA, polos seus traballos “CONTO PARA O NADAL (I e II)”, publicados en *El Progreso*.

O SECRETARIO DO XURADO

José Rodríguez Varela

**FALLO
DO
XURADO**



XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO

Xosé Manuel Carballo Ferreiro naceu en Goberno (Castro de Rei da Terrachá), o ano 1944.

É crego, e exerce o seu ministerio en varias parroquias de Castro de Rei, entrelas a capital do Concello. Foi formador do Seminario de Mondoñedo.

Humorista e prestidixitador, por riba de todo é un home da Igrexa e da Cultura; animador cultural e auténtico vivificador social.

Ten publicado teatro (O MENCINEIRO Á FORZA, RECOBROU O SORRISO O ELEUTERIO, ¿BO NADAL?), narración (PARÁBOLAS CHAIREGAS, DON OTTO DE VIAXE POLA XHAIRA, CONTRATO NULO), e comentarios de prensa, feito programas de Radio e dirixido o programa "HAI QUE CELEBRALO" en Televisión Lugo.

Ten acadado premios de xornalismo en Sarria e Vilalba; de investigación histórica en Bazar (Castro de Rei) e, en dúas ocasións, o Premio de Novela do Concello de Vilalba.

En Begonte ten acadado en tres ocasións o primeiro premio do Certame de Xornalismo sobre O Nadal.

UN NENIÑO CON SORRISO HUMANIZANTE

VINTEDUAS

Na entrada deste ano 2002, que din os entendidos que será ano de amor pola concorrencia dos dous douses amorosos vinculados pola poesía dos ceros, sentín unha sensación moi desacougan- te. Quizabes ese sentimento sexa algo puramente subxectivo por mor do meu estado anímico, debi- do a que o día de fin de ano pola mañá diagnosti- cáranme dous médicos que padecía unha certa afección neumonolóxica, e teño comprobado que as afeccións de carácter respiratorio estimulan a emotividade.

A sensación foi que, por riba da acollida dun novo ano, primaba a imposición dun novo deus, outro fillo do vello deus Mercurio, patrón dos mercades, que tamén andou en amoríos coa deu- sa Europa, e que segundo parece é medio parente de Laverna, protectora de feirantes sen escrúpu- los. Inmediatamente despois das doce badaladas, sentín como que se me espoliaba dunha parte im- portante da miña identidade, da feble peseta dos pobres, coa que levo 57 anos convivindo, en aras dese novo deus, de nome Euro, que políticos e economistas me predicán como salvador definiti- vo, absolutamente uniformante para trescentos millóns de persoas e, segundo dín, case tan omni- potente como o Zeus-Dólar.

Menos mal que arredor da hora de xantar do mesmo día de fin de ano estivera en Begonte visi- tando o seu belén. E menos mal que tamén que fronte ás uniformantes multinacionais, que van mercando os pequenos pobos para convertelos nesa mal chamada aldea global, perviven sectores

máis ou menos residuais que están apostando forte pola etnografía e que loitan con tesón polo coitado agarimoso das raíces.

Alí en Begonte atopeime un ano máis coas miñas raíces que, ata que o alzheimer do pampallonismo universal borre definitivamente da miña memoria histórica, seguen configurando a miña irrenunciable identidade de aldeán chairego.

No belén de Begonte, ademais do cura Xesús Domínguez Guizán, curador de afeccións que corroen as raíces, constructor de comunidade con pedras vivas e de gran parte das casas do belén con pedra do país, atopeime con ferreiros, muiñeiros, cesteiros, cazoleiros, serradores portugueses, carpinteiros, pastores, reis magos mesturados polo val cos plebeos e, aló arriba, coa casa do señor á que alí chaman o pazo de Herodes, pero xa sen xente, ou cando menos, sen xente á vista.

Reparando nos pastores e nas ovelliñas, non puiden evitar que se me viñese á mente que xa hai moitos fillos de labregos que o único pastor que coñecen é o pastor eléctrico e rezamos un responso por cada oficio finado nestes últimos cincuenta anos e polas cen palabras que morren con cada oficio que desaparece.

Nos poucos metros cadrados daquel belén de Begonte atopeime con máis xente ca en moitas parroquias da nosa Galicia, que van esmorecendo por mor da despoboación e por obra e desgracia dun progreso, que non sempre é avance na civilización.

Estabamos sós o cura Xesús e máis eu entre aquela xente rural allea á parafernalia do nadal mercantilista que se aproveita do Misterio ó mesmo tempo que o engule, e participamos dun sosego que se contaxiaba e que resultaba bálsamo tonificante contra as présas urbanitas.

Fun reparando en que case todo o que alí presenciaba estaba pasado de moda. Xa non se crabuñan gadanas, porque hoxe os gandeiros teñen modernas rotativas, xa non se afían fouciños da sega, porque dispoñemos de “cosechadoras”, xa non quedan forxas nin ferreiros, porque os machados para esmoucar a leña que nos quentaba no fogar trocáronse por motoserras de importación, e o mesmo lume que nos quenta procede do petróleo árabe causante de guerras ás que a censura dos medios de comunicación impide chamar polo seu nome propio.

Ocorréuseme preguntarlles a unhas mulleres que estaban lavando:

– ¿E vosoutras fostes felices? Respondéronme: –Pasamos traballos, pero falabamos, que agora as cadeas da televisión amordazáronos a lingua e expropiáronnos ata a palabra.


Algo dentro de min puxaba por aceptar o progreso como causa de meirandes comodidades e de novos medios de felicidade. E acabei dándome a razón ó comprobar como as súas tecnoloxías, utilizadas con humanismo, tamén humanizan; porque os coñecementos tecnolóxicos do amigo Xosé Rodríguez Varela dan vida e movemento a

aquelas mulleres e a aqueles homes daquel belén de Begonte, do mesmo xeito que moitos adiantos da ciencia dan vida ás mulleres e ós homes deste belén do mundo.

Ter vida é fundamental, e ter unha boa calidade de vida e loable aspiración. Se o deus Euro serve para iso benvido sexa e benvidos sexan tódolos adiantos tecnolóxicos que apunten a tal fin. Pero a vida mesma e a súa calidade ficarían entangaráñadas se non atopamos sentido para o vivir e alí, nun pendello, entre unha mula e un boi, envolto na mirada agarimosa dun Xosé e dunha María, está o Neno, a fonte da Vida feita Palabra, para que o noso verbo sexa palabras de Vida. Moita da xentiña daquel Belén atopou sentido á súa vida naquel Neno. Para moitas mulleres e homes deste belén do mundo, a pesar dos cambios de costumes e da morte e nacemento de novos mesteres,

segue sendo o neno quen dá fondo sentido ó vivir cotián. Quen atope sendo á vida sen ÉL, tamén lle pode dar gracias ó Deus do Amor. E quen busque sentido ó seu vivir só nos fillos do deus Mercurio que non esquezan que os vapores do mercurio son terriblemente ponzoñentos.

Gracias ós veciños de Begonte e a cantos manteñen viva esta obra, porque o seu belén é unha enciclopedia de etnografía, diante da que os novos poden aprender moito sobre as súas raíces, os maduros podemos revivir experiencias da mocidade, que ese é un bo xeito de retardar a vellez, e calquera que queira pode atopar sentido á súa vida de mozo ou de vello, gracias á tenrura inmorente dun Deus que nace cada ano e cada día en cada nenño que ven ó mundo para agasallarnos co sorriso feble e salvador “dun rostro meigoso de neve e carmín, duns labios vermellos cal rosa de abril”.



“FUCO DE CAMBRIA”

FRANCISCO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, que adoita asina-los seus traballos co pseudónimo de “FUCO DE CAMBRIA”, naceu en Vilalba (Lugo) o ano 1930.

Exerceu como auxiliar administrativo, dependente de comercio, inspector de seguros, administrador de empresa e viaxante. Xubilado na actualidade, realiza pequenos traballos de ensaio que publica periodicamente en xornais galegos.

De formación autodidacta, tivo sempre unha adicación especial ó labor literario, que cultivou por fora do seu quefacer cotián.

Foi Premio de Xornalismo das IV XORNADAS GASTRONÓMICAS-TERRA DE SARRIA, o ano 1990, e en varias ocasións en Begonte.

CONTO PARA O NADAL (I e II)

VINTESEIS

No medio do lume que había naquela lareira ardía un tóro de cerna de carballo. Era o corazón dunhas chamas que facían labaradas cando o avó o cebaba con gabelas de carpazas.

Ó seu arredor, e sentados en escanos e en trébedes de madeira, toda a familia atopábase alí reunida. Cearan unha tazas de caldo de berzas e un que outro dos presentes manducara un lisco de touciño asado o espeto. Ós meniños houbo que darlles unhas cunquiñas de leite. De leite de vaca, quentiña, tan saudable como o ar que soe respirarse no monte de Castro.

Cando a xente miuda parou de bulir e de brincar, pidíronlle ó avó que lles contase un conto. O tío Xurxo, mirando para os seus netiños coma quen mira para os anxos do ceo, dempois de pregarlles a todo-los presentes que calasen e que lle prestasen atención, deu comenzo ó seu relatorio, dicindo así:

“Nunha noite de xeada, cinco facinerosos atopábanse escondidos na Sierra de Cortigliero, no cordal do Puerto de las Señales, ubicado precisamente no corazón da cordilleira Cantábrica. Naquel inhóspito lugar, a 1625 metros de altitude sobre o nivel do mar, que serve de liña divisoria entre as provincias de Asturias e León, o frío facía baixa-los termómetros máis dos quince graos baixo cero. O xefe daquela pandilla de bandoleiros díxolles ós outros catro que, cando o día albiscase, sairían cara ó poñente co fin de chegar ata as belas e plácidas Rías Baixas galegas. Unha vez alí, separaríanse e cada un collería cara onde qui-

xese ou tivese razóns para ir. ¡Ai!, pero a man de Deus tñalles reservado outro vieiro.

No día vinte do Nadal, aínda a noite non se fora e o día non chegara a erguerse para saudalas xentes do lugar, cando os cinco facinerosos puxéronse a camiñar cara a Sierra de las Fuentes de Invierno, que se atopa en terras asturianas. Logo seguiron por Sierra Carroleda (moi preto do pobo de Pola de Lena) e baixando cara a Puerto de Ventana acadaron Sierra Arbolente, que vivía o pobo de Cangas de Narcea, en Asturias. Para facer tan longo percorrido roubaban eguas e cabalos, esixían comida quente en moitas casas montesiñas e ameazaban de morte ós moradores se non lles daban cartos e roupa para cubrirse do frío. Fixeron noite a carón do Mosteiro de Coto coa esperanza de que a Garda Civil, que os viña seguindo, perdese o tino e non os puidese deter. Ó día seguinte tomaron rumbo cara á provincia de Lugo. Dempois de percorrer unha chea de quilómetros, e como xa acostumaban axudados nelo por caballos e eguas roubados, fixeron noite no Alto do Acebo, xa en terras fonsagradinas. Alí, metéronse nunha coveira que, no medio dunha carballeira, fixera non se sabe quen na busca de non se sabe que cousa.

O día 22 do devandito Nadal baixaron diligentemente ata Paradavella, que é unha aldea que se atopa a carón da estrada C-630 que vai dende Lugo a Asturias. Logo, atravesando os pobos de Forneas, Marvai e Vilarmede levaban no maxín chegar ata a Serra de Meira. Pero cambiando de

idea, roubaron unhas cabalerías co fin de ir ata Argomoso, que se atopa preto de Mondoñedo.

Chegado que foi o día 23 saíron moi cedo. Viraron o seu itinerario cara o meridián e cruzaron a Serra do San Martiño para meterse de súpeto no corazón da Terra Chá, que son os eidos vilalbeses. Dempois de face-las falcatuadas de sempre, é dicir, de roubar gando cabalar, esixir comida e roupa e apropiarse dun diñeiro con ameazas, buscaron uns penedos nun montío para poder acubillarse e así poder pasa-la noite. Pero cando se atopaban a punto de remata-lo balbordo con gargalladas coma se fosen pándegos, ocorreu un feito que os fixo enmudecer.

Unha luz moi branca subía dende a terra cara ó ceo. Tan branca e tan brillante que case cegaba. Era toda seguida, coma se fose un raio fixo, igual que un facho que non tivera fin. De pouco en pouco minguaba unha miaxa e logo baixaba dende o ceo cara a terra, relucindo coma unha cousa xamais vista.

Quedaron abraiados ó ver semellante prodixio e cavilaron mil cousas. Que ceais era un platíno voante, ou podía ser un avión facendo fotografías.

Dempois de xogar con tódalas opcións que lles permitiu a súa imaxinación, quedáronse dormidos, rendidos polo cansanzo e vixiados tan so polas estrelas daquela noite clara.

O día 24 do mes de Nadal daquel vello ano de Noso Señor, espertaron moi de mañanciña. Preparáronse co ánimo de ir camiño dos Picos da Cova

da Serpe que se atopa preto de Friol. Puxéronse a andar matinando mil ruindades. Chegados que foron a Begonte viron unha grade ringleira de homes e mulleres, de mozos e vellos, de rapaces e meniños que ateigaban un amplo vieiro. Dirixíanse cara a unha casa branca que se atopaba soa na esquina dun agro. E os cinco salteadores decidiron meterse no medio daquel xentío, xa que de tal maneira podían pasar desapercibidos.

Viron coma pouco a pouco a xente ía entrando na casa. Ós que saían dela, víaselles ledicia nas facianas. Ós que ían entrar notábaselles certa inqueda. Tal cousa chamoulle-la atención e decidiron que eles tamén tiñan que ver o que había alí dentro.

Pasaron polo medio dos demais. Ó pouco de estar no estrado, apagáronse as luces do mesmo. De seguida o belén electrónico púxose en movemento. Alí había moitas figuriñas de barro imitando persoas e animais. Todo o mundo traballaba. Non se albiscaba ningún mangante naquelas xentiñas miudiñas. Pero o que máis lles chamou a atención foi que o resplandor visto a véspera subindo cara ó ceo ou baixando do mesmo, alumaba, agora, a unha figura de arxila, moi perrequechiña, que se atopaba deitada nun berce de pallas.


De súpeto, a luz foi movéndose pouquichinho a pouco ata alumar o mesmo sitio no que eles se atopaban. Iluminounos un resplandor que case os deixou cegos. E foi desa maneira como aquela luzada celestial fixo o milagre de que os facinerosos se visen tal e cual eran. Viron o miserento da súa vida, a ruindade da súa existencia, a podremia dos seus comportamentos.

Cheos de medo e de pánico víronse representando a maldade que aniña no corazón dos homes. Cunha claridade abraiante, cunha nitidez espantosa, cun tremor xamais sentido. Algo verdadeiramente pavoroso.

O avó calou por un intre. Logo dixo:

Dende aquel día cóntase que en algún lugar do mundo hai un pequeno mosteiro no que viven cinco frades. Rezan por todo-los homes, por toda a Humanidade cada cinco horas. Día e noite.

Son cinco frades que dan testemuña dos inescrutables vieiros que ten Deus para redimi-lo mal. Son cinco frades dunha regra relixiosa que posúe o nome de **Os irmáns píos da orde do belén de Begonte.**



DIRECCIÓN XERAL DE
POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO CULTURAL «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN»
DE BEGONTE (LUGO) – DEC. 2001 - XANEIRO 2002